

UNHA CASA CON RUÍDOS

I.- A chegada

(Verán. Casa vella. Vense parcial ou totalmente o salón-comedor e a cociña. Dúas portas comunican co resto das habitacións, outra é unha das saídas da casa. A un lado, unha escada leva á porta do faiado. A través das fiestras da cociña e do salón albíscase un gran encoro).

XIANA: *(Mirando pola fiestra).* **Merda!** *(Botando unha ollada polo interior da casa).*

Merda, merda!

TEO: *(Que estaba tentando inutilmente abrir a porta do faiado con distintas chaves, baixa pola escada).* **Nada!** *(A Xiana).* **Xa o curioseaches todo? Que che parece?** *(Xiana permanece en silencio mentres el segue revisando algún armario do salón. Atopa unhas zocas. Cólleas coas puntas dos dedos. Diríxese á cociña coa clara intención de botalas ao lixo).* **Pois eu, se che son sincero, pensei que aínda estaría peor.**

XIANA: **Ah! Podía estar peor!**

TEO: **É unha casa que leva deshabitada máis de corenta anos, nena, e aínda non atopamos nin unha soa arañeira. Que curioso!**

XIANA: **Aquí non vivirían nin as arañas!**

TEO: **Entendo. Non che gusta.**

XIANA: **Cheira mal. Cheira a vello, a podre. Cheira a morto...**

TEO: **Xiana...**

XIANA: **É verdade, papá! Dáme noxo. E ademais non hai luz, non hai cuarto de baño, non hai auga... A quen lle pode gustar unha casa así?**

(Ábrese a porta de fóra. A claridade do día entra con ímpeto canda ELSA, que leva unha máquina de fotos pendurada no pescozo).

ELSA: **Que marabilla!, eh? Abride as fiestras!** *(Abre unha fiestra. Óese non moi lonxe unha cantariña, o lene randear das augas... Olor a camomila e menta poleo).* **Que entre o recendo do exterior! Vistes? Un val de**

margaridas! E o tellado non está tan mal. En inverno haberá goteiras pero agora... E a lareira? Entrastes na lareira? Isto é magnífico, Teo. Foi unha decisión moi acertada. Un entorno así reconcilia a calquera co mundo. Este silencio, é un silencio tan, tan...

XIANA: Superespantoso?

ELSA: Superpuro, diría eu, transparente. Que pasa?

TEO: Está anoxada.

XIANA: Estou anoxada porque estou aburrída. É o colmo do aburrimento!

ELSA: Máis ben creo que te aburres porque queres estar anoxada.

XIANA: Que podo facer aquí, dime? Non teño con quen xogar, nin sitios a onde ir. Aquí non hai nada de nada.

ELSA: Que non hai nada? Mira para fóra, Xiana. Un gran encoro para bañarte, camiños para andar, ducias de ocasos para fotografar... Sorrí... *(Tira unha foto no momento en que Xiana bota a lingua).* Guapísima, si señor! *(Cando sae a fotografía da máquina, dálla a Xiana).*

TEO: Podes facer un herbolario, observar os bichos... dende lonxe, procurar fósiles, gravar os chíos dos paxaros... *(A Elsa).* Acordácheste da gravadora?

ELSA: *(Negando coa cabeza).* Recolleremos amoras e faremos marmelada...

TEO: Non trouxeches as pinturas? Que mellor sitio ca este para pintar!

ELSA: E para ler. E... coas ponlas das árbores faremos caxatos ou culleres ou... non sei... Din que é unha actividade extraordinariamente relaxante.

XIANA: Déixame en paz, mamá! Sodes vós os que estades dos nervios, non eu. Non sei para que trouxen os patíns, se total...

TEO: Tes razón. Pero o vir aquí non foi un capricho. Eu tiña necesidade de ver isto. Aquí morreu miña nai, aquí nacín eu e os meus irmáns, entendes?

XIANA: Pois xa o viches, ala, vámonos...

ELSA: **Cando te pos cabezuda non hai quen fale contigo...**

XIANA: **Que máis queredes ver? Isto é unha ruína. Eu quería ir ao campamento, estrenar a nova pista de patinaxe do barrio, estar no aniversario do Nuno... Por que non me deixastes cos tíos?**

TEO: **Desexaba que ti tamén coñeceses Barcia, a parroquia asulagada polo embalse, e esta casa, a única que non tragou a auga.**

XIANA: **Pois ben a puido ter tragado, se total é a única que queda...**

ELSA: **Pensamos que sería unha experiencia interesante tamén para ti.**

XIANA: **Veña xa, mamá! Vós non pensastes en min.** *(Sentando nunha cadeira coas pernas encollidas, tocando o queixo cos xeonllos).* **Vou quedar aquí todo o tempo.**

TEO: **Xa o tiñas decidido, non si? Decidiches que te ías aburrir antes de vir, verdade?** *(Xiana non se mexe).* **Pois sabes que che digo? Por min podes quedar aí sentadiña. Con esas maneiras, dende logo non conseguirás que eu cambie de opinión. E non vas amargarme as vacacións.** *(A Elsa).* **Vou dar unha volta, ánimo?**

ELSA: **Haberá que carrexar auga antes de que se faga de noite, non cres?**

TEO: **Vés ti comigo, Xiana?** *(Ao ver que ela non contesta, agarra dous caldeiros con evidente enfado).* **Lémbroche que aínda non desfíxeches a túa maleta.**

ELSA: *(Cóllelle a Teo un dos caldeiros e dispónse a saír canda el).* **Seica tes medo de pasear soíño polo monte, eh? Teslle medo ao monstro do embalse, uhhhhh...**

TEO: **Téñolle respecto, e non ao monstro do embalse.** *(Apartando as mans de Elsa para pasar).* **Que parva es!**

ELSA: **Teslle... respecto ao xabaril, á víbora, aos lagartos de cabeza azul...?**

TEO: **Hai lagartos coa cabeza azul?**

ELSA: *(Marca unha lonxitude coas mans).* **Son así...**

(Teo e Elsa saen).

XIANA: **Estou pensando que ao mellor non paga a pena que desfaga a maleta...** (*Érguese decidida*). **Haberá que atopar bichos e monstros.** (*Inventa formas coas mans e co corpo que se converten en sombras chinesas co efecto da luz sobre a parede*). **Comezaremos polos bichos.** (*Esfrega as mans*). **Dentro de... cinco, catro días... ou antes... durmirei na miña cama.** (*Dá un bico nos dedos a modo de xuramento*).

II.- Os ruídos

(*O luar pinta en branco a noite. Teo follea cun certo desleixo unha enciclopedia de plantas á luz dun farol. Elsa desbasta traballosamente unha ponla de abeleira cunha navalla. Silencio*).

TEO: **Pon a radio, se queres. Non me molesta.**

ELSA: **Esquecinme de traela, perdoa.**

TEO: **Pois mira que ben. Nin música, sequera. Creo que me vou deitar cedo. Estou rebentado.**

ELSA: **Boto de menos un can ou un gato. Ti non? A ver como reacciona Xiana cando vexa o primeiro rato.**

TEO: **Ratos? Non hai ratos. Como vai haber, se aquí non vive ninguén dende hai anos?** (*Ante o silencio de Elsa*). **Ou si? Temos que facernos con un.**

ELSA: **Cun rato?**

TEO: **Cun gato! Por que ris? Viches algún?**

ELSA: **Algún gato?**

TEO: **Boh! Algún rato!**

ELSA: **Ah! Non vin, non. Aínda non.**

TEO: **Pois logo! Non hai!**

ELSA: (*Á espreita*). **Escoita.**

TEO: (*Medoso*). **Que?**

ELSA: **O vento.** (*Sorri*).

TEO: **Xa está ben, Elsa!** *(Cada un ao seu, en silencio. Escóitase na cociña un ruído que vai a máis).* **E iso?** *(Elsa deixa de fuchicar na ponla. Teo fala nun murmurio).* **Dime que non son... por favor...**

ELSA: **Chsss!** *(Distínguese perfectamente un continuo bater de potas e pratos).* **Xiana?** *(Érguese para dirixirse cara á cociña. Teo retena e obrígaa a coller a navalla. Antes de chegar, os ruídos cesan).* **Xiana?** *(De novo no salón, coa navalla na man).* **Que pretendías que fixese con isto?**

TEO: **Así que hai ratos! E ti xa o sabías!**

ELSA: **Como non fose un exército! Ese barullo non o poden facer uns cantos ratos.**

TEO: **Ao mellor, unha donicela, unha raposa ou, ou... que? Pecha a fiestra da cociña, por favor!**

ELSA: **Se está pechada!**

TEO: **Colle un foco e busca ese bicho!**

ELSA: *(Con cara de preocupación).* **Seguro que un xabaril pechou a ventá despois de choutar cara a dentro. E debe de ser grande o moi porco.** *(Ri. Dentro da cociña, alumando co foco en todas direccións).* **Nada na alacena, nada na artesa... Nada no... Agarda! Si! Aquí está a condenada!**

TEO: **Que é, que é?**

ELSA: *(No salón, cunha aveláña entre os dedos).* **Sería esta animalia quen organizou semellante rebumbio?** *(Deixándoa libre ante os espaventos de Teo para afastala).* **Todo está no seu sitio.**

TEO: **Entón? Que foi...? Porque algo había...** *(A fiestra da cociña ábrese de golpe, batendo contra a parede).* **Meu Deus!** *(Ábrese a porta de fóra e entra Xiana coa lanterna nunha man e a outra tras as costas).* **Ahhh!**

ELSA: **Ti?**

XIANA: *(Ensinándolle ao pai o que agochaba).* **Mira unha víbora.**

TEO: **Ahhh! Sácame iso de aí inmediatamente. Non te achegues. Xiana!**

ELSA: **Moi graciosa.** (*Cóllelle o pauciño que ten forma curvada*). **Con isto só poderías enganar a... a teu pai. Se aínda o pintases... Apaga a lanterna, veña.**

TEO: **Non me gustan esas bromas, ben o sabes. Vale, vale, xa sei que son un mixiricas. Douche permiso para botar unha gargallada. Ha, ha. Veña, mófate de teu pai pero non o repitas, por favor!**

XIANA: **Pois se chego a traer o ourizo... Aínda estará aí fóra. Queres velo?**

ELSA: **Pretendías deixar un ourizo na cociña? Pudeches mancarte ao saltar, nena. E deixaches mal pechada a ventá. Menos mal que non rompeu o cristal.**

XIANA: **O que?**

ELSA: **Espero que teñas coidado cos bichos que tocas e, sobre todo, espero que non se che ocorra metelos na casa. E menos ás agachadas, entendido? Vai durmir, anda.**

XIANA: **Por que? Que pasa? Pero que fixen?**

TEO: **Non quero berrar. Prometín que non che levaría a voz... moito... durante as vacacións. Xa falaremos mañá.**

XIANA: **Se só era un...**

ELSA: **Enredo, xa.**

XIANA: **... ourizo...**

ELSA: **Por favor, obedece.**

XIANA: **... inofensivo...**

TEO: **Teño que repetircho?**

XIANA: **Era mentira. Como ía coller eu un ourizo? Non ves que pica!**

TEO: **Creo que si, que cho teño que repetir.**

XIANA: **E ademais son repugnantes...**

TEO: **Vai ao teu cuarto!**

XIANA: **Isto é demasiado! Agora rífanme porque collín un pauciño torto cando fun mexar fóra porque nesta casa non hai cuarto de baño**

porque foi construída no tempo dos dinosauros. Non hai dereito. Estou ou non estou de vacacións? Pois aínda é cedo e non teño sono. Isto é un monte de merda! *(Entra na súa habitación que pecha dando un golpe coa porta).*

TEO: *(Érguese. Atopa nalgues un ouriñal. Lévaio á habitación de Xiana).* **Aquí tes un penico para recolleres o teu monte de merda, ou por se che entran outra vez ganas de mexar. Esa tampouco é unha boa maneira de convencernos para cambiarmos de planos, sabes? Ah! E non conseguiches meterme medo.** *(Pecha a porta amodo. Mira para Elsa que trata de conter unha gargallada).* **Que? É verdade, non estaba asustado.**

XIANA: *(Saíndo de novo).* **Podo subir ao faiado?**

TEO: **Que dis?**

XIANA: **Só botar unha ollada para ver o que hai, por favor. É moi cedo.**

ELSA: **Mañá.**

XIANA: **Quince minutos. Dez...**

TEO: **Non se dá aberto a porta.**

XIANA: **Déixame probar a min...**

TEO: **Xiana!!!** *(En voz máis baixa).* **Alá vai a promesa!**

XIANA: **Se estou sentada porque estou sentada, se quero divertirme porque quero divertirme. Vedes como non podo facer nada? Odio este sitio. Morrerei de noxo antes de tres días.** *(Cambiano o ton. Mimoso).* **Podo investigar? Só cinco minutos...**

TEO: **Mañá tes todo o día para xogar aos detectives. Boas noites. E non quedas durmida coa lanterna acendida.**

XIANA: **Merda!**

ELSA: **Esa lingua...!**

XIANA: **Pois caca da vaca.** *(Antes de pechase na súa habitación, Xiana amosa o seu anoxo cun xesto da man que non ven os seus pais).*

TEO: **Como non se nos ocorreu traer matarratos!** *(Vendo que Elsa vai cara á fiestra do salón coa intención de abríla).* **Diso nada! Todas as fiestras pechadas! Prefiro morrer de calor.**

ELSA: **Estasme enchendo, Teo.** *(Dispoñéndose a seguir desbastando a vara de abeleira).*

TEO: **Que fas? Eu quero ir durmir.**

ELSA: **Pois vai.**

TEO: **Eu só? Non, diso nada. Ti déitaste comigo. Anda, por favor...**

ELSA: **Ui...! Estasme enchendo de verdade, Teófilo.**

TEO: **Seguro que está ben pechada a da cociña...?**

(Co farol na man, entran no seu cuarto mais, ao pouco, volven saír).

TEO: **Xa sabes que cando me entra o apretón... pois iso, non aguanto.**

ELSA: **Se a min tanto me ten que teñas un apretón, o que me amola é ter que ir contigo.**

TEO: **Aínda non te meteras na cama, non sexas queixicas. Cara a onde dirixes o foco, muller? Alumea o chan!**

ELSA: **O chan, claro! Tes razón. Non vaia ser que esmaguemos unha pobre cascuda e deixemos cascudiñas orfas por aí adiante...**

(Antes de chegaren á porta de saída, percíbese un ruído, como se alguén rascase na madeira).

TEO: **Ratos! No faiado!**

ELSA: **O ruído non vén do faiado. Ti segue falando.**

TEO: **E que digo?**

ELSA: **Di as moitas ganas que tes de facer as túas necesidades...**

TEO: **É que teño moitas. Estou suando...**

ELSA: **Pois iso...**

(ELSA diríxese, mentres falan, cara á habitación da filla. Abre a porta de súpeto e velaí está Xiana).

ELSA: **Mira que rata máis grande cazamos.**

XIANA: **Ola.**

TEO: **Xa me oirás mañá, nena. Agora non podo falar, estoume ca... cansando... de tanta falcatruada. Veña, Elsa, por favor, rápido...**

ELSA: **Métete na cama. E se volves argallar unha...**

TEO: **Que non podo máis, Elsa!**

(Saen a correr).

XIANA: **Creo que vai ser máis doado do que pensaba. E iso que aínda non fixen saír os monstros.** *(Dispónse a entrar no seu cuarto ao escoitar ruídos).* **Aí os veñen.** *(Dende o interior do cuarto, coa porta entreaberta, ve como se abre a de fóra. Espera un chisco e sae ao comprobar que non entra ninguén).* **Pois non.** *(Volve escoitar ruídos. Parécenlle golpes de tambor. Recoñece unha voz cantando coma en susurro).* **Deixaron a radio acendida. Se trouxesen a gravadora, podería facer voces terroríficas como as das películas.** *(Cambiano a voz).* **"Teeeoouo!"** *(Con outros rexistros).* **"Non tes nada de que temer. Eu estou contigo. Ha, ha, ha".** *(Xiana escoita falar fóra e vai rapidamente á súa habitación. Entran Teo e Elsa).*

TEO: **A min tampouco me agrada iso de facer as necesidades diante doutra persoa.**

ELSA: **Pois en vez de ir de campo, vas ao curral, que ten teito e paredes e xa está. Alí non vas atopar xabaríns.**

TEO: *(Pasando ao cuarto).* **O que non quero é estar só, nin no monte nin no curral nin...**

XIANA: *(Dende a porta).* **Mamá...**

ELSA: **Pero que vos pasa aos dous??**

XIANA: **Préstasme a radio? É que non teño sono...**

ELSA: **Non hai, non hai baño, digo, non hai radio. Esquecinme de traela. Se non tes sono, eu si. Ata mañá...**

XIANA: **Non trouxeches a radio? Entón... como é que...**

ELSA: **Non sei, nena, non sei como é que se me puido esquecer algo tan importante. Debe de ser a idade, ala, xa llo consultarei ao médico cando volvamos...**

(Entran en cadansúa habitación. Aínda se escoitan por un momento as voces de Teo e Elsa. Logo, o silencio só é interrompido polo son das augas do encoro. O salón anégase coa luz branca que vén de fóra. O moucho anuncia, a modo de reloxo, que son as tres da mañá. Escóitanse pasos no faiado, un obxecto pesado arrástrase polo chan, o ruído dunha arca que se abre e se pecha, de novo os pasos, golpes na madeira...).

ELSA: *(Sae do cuarto e acende unha lanterna. Espreita. No salón, procura un obxecto para se defender. Tenta coller unha cadeira a modo de escudo pero non se apaña co foco na man. Fai aceno de coller a navalla mais decídese pola vara de abeleira. Resulta un tanto ridícula. Diríxese paseniñamente á escada que conduce ao faiado onde os ruídos son máis que evidentes. Tras uns momentos de desconcerto, fala en voz baixa).* **Xiana, Xiana, desta non te libras. Consequiches abrir a porta, eh? Vaia pisadas, nin que andase con zocas. Como o saiba o teu pai... (Algo pesado cae no chan). Pero que demos fai? (Nun murmurio). Xiana! Vas espertar o teu pai! (Mirando o reloxo). Se son...! Xiana! Baixa de aí inmediatamente! Xiana!!**

(Cando está a piques de chegar arriba, Teo sae da habitación. Elsa baixa coma un raio).

TEO: **Elsa! Estás buscando outro penico?**

ELSA: **Si... non... Por que?**

TEO: **Por que vai ser? Teño que mexar. (Entra de novo no cuarto). Apura, por favor!**

ELSA: **Ti telo fácil. Mexa pola ventá... (Buscando por todas partes). Eu que sei onde hai agora outro maldito penico! (Máis alto). Váleche unha bolsa de plástico?**

TEO: *(Dende dentro)*. **Como non te deas présa, vouno facer nas túas botas de montaña.**

ELSA: **Non sei se isto sería unha boa idea!** *(Volve sen nada na man. Ao chegar ao salón)*. **Ah!!!** *(Diante del está Xiana, en pixama, coa lanterna apagada)*.
Xiana! Estaste pasando un montón!

XIANA: **Non podoo durmir, mamá. Gastáronse as pilas do foco e teño medo.**

ELSA: *(Despois de pasear coa lanterna o salón, colle unha bacía e lévalla a Teo ao cuarto)*. **Mexa aquí, non atopo outra cousa.**

XIANA: **Esa habitación é horrorosa. De verdade que cheira a vísceras podrefeitas. Mira debaixo da cama, mamá. Ao mellor hai algo morto.**

ELSA: **Debo ser eu a que cheiro a** *(subliñando a palabra)* **putrefacta, filla, porque estou morta de cansazo. Veña. A ver que hai debaixo da túa cama.**

XIANA: **E de paso, tiras ese cadro tan espantoso que hai na parede.**

ELSA: *(Entra no dormitorio e sae co cadro)*. **Que hai de espantoso aquí? Ao final do verán, o nivel da auga do embalse é tan baixo que se poden ver as casas da parroquia que quedaron afundidas. E os valados das fincas. Mira, o campanario da igrexa, e isto debe ser o cemiterio...**

XIANA: **Por iso. O cemiterio. Como nas películas de zombis. Semella que os mortos están a piques de erguerse das súas tumbas, cheos de barro, cos ollos brancos véndoselles por entre os pelos enzoufados, cos brazos extendidos...**

ELSA: *(Estendendo os brazos, poñendo os ollos en branco e coa voz cambiada)*.
"Con tanta auga a humidade metéuseme nos ósos... Sálvame da reuma... Noooon me esqueeeeezas" *(Ri e pousa o cadro no chan contra a parede)*.

XIANA: **Pois a min non me dá a risa, mamá, e non quero durmir soa. A mai da papá non morrería aí dentro, na miña cama?**

ELSA: **A avoa Herminia non morreu en ningunha cama. Anda, anda, lianta, que es unha lianta.** *(Sinalando o cuarto do matrimonio).* **Pasa, que xa non sabes o que inventar.** *(Péchase a porta. Os tres seguen discutindo. Ao cabo, Elsa sae coa lanterna e diríxese ao cuarto de Xiana).* **Prefiro compartir habitación cos zombis.** *(Colle o cadro e entra pechando a porta tras de si. A natural sonoridade da noite interrómtese de novo cuns pasos na madeira e un trafegar na cociña. Percíbese con claridade o son que fai a auga ao se verter. Despois, un obxecto de cristal escacha estrepitosamente contra o chan. Xiana e Teo saen do dormitorio).*

TEO: **Elsa?**

XIANA: **Mamá?**

TEO: **Elsiña?**

XIANA: **Ti tamén o escoitaches? Como se escachase un vaso?**

TEO: **Escoitei, si... Será túa nai** *(Máis alto).* **Elsa!!!**

ELSA: *(Saíndo do cuarto).* **Que!!! Que hai agora?**

XIANA: **Escachou un vaso. Así: "Craccc".**

TEO: **Vai mirar, por favor. Creo que foi na cociña.**

XIANA: **Foi aquí no salón.**

TEO: **Malditos ratos!**

XIANA: **Hai ratos?**

ELSA: **Outra. Seica cómpre dicir que a chuvia está mollada? Claro que hai ratos nunha casa no campo! Sería antinatural que non os houbera! E tamén hai cobras e cascudas e... e... se cadra pulgas! Miiiiiles de bichos!!!**

XIANA: **Hai ratos! Fuches moi valente, papá, de verdade. Vir aquí sabendo que hai ratos...**

TEO: *(Non para de esfregar o corpo coas dúas mans).* **Eu non teño ningún problema con eses animais, o que pasa é que lles teño noxo.**

XIANA: **En realidade son coma os *hámsters*, poderíamos coller un de mascota...**

TEO: **Non digas parvadas, anda. Ves algo, Elsa?**

XIANA: **Sabes que se che pica unha avespas podes morrer?**

TEO: **Non eran as abellas?**

XIANA: **As dúas, as avespas e as abellas.**

TEO: **Só se un é alérxico.**

XIANA: **Aquí haiche moitísimas.**

TEO: **Xa.**

XIANA: **Seica se che infla o corpo todo coma un globo e non das respirado e...**

TEO: **Eu non son alérxico. Cala xa e vai durmir. (A Elsa). Miraches na cociña?**

ELSA: **Vai ti se queres. Eu non atopo nada. Non aparecen cristais rotos por ningures.**

TEO: **Estou seguro de que foi un vaso ou unha copa. Oíno perfectamente.**

XIANA: **Si, no salón.**

TEO: **Na cociña.**

ELSA: **Xa está ben por hoxe! Quero durmir. Preciso durmir. Mañá xa limparemos o que haxa que limpar, se é que hai que limpar algo, claro. Veña. Deitarémonos os tres xuntiños nesa cama de un metro quince. Quen me mandaría a min...! (Entrando con Xiana).**

TEO: *(Segue alumando o chan)*. **Non sei se isto sería tan boa idea...**

(A porta péchase tras Teo. Sobre as voces do cuarto escóitase o recoller dos cristais rotos cunha vasoira e o remexer en armarios... Non se ve nada nin ninguén).

III.- A visita

(Mediodía. O salón está baleiro. A porta de fóra ábrese. Un vello entra e diríxese cara ao faiado. Tira do peto unha chave, abre a porta e entra pechando tras de si. Xiana, envolta nunha toalla e descalza, chega de fóra).

XIANA: **Está xeadada! Non penso bañarme aí nin tola. Seguro que hai pirañas.**

Ai! (*Ergue un pé. Senta nunha cadeira e extrae un minúsculo cristal*). **Un cristal!** (*Imitando a voz da nai*). **"Pois aquí non aparecen cristais rotos por ningures"**. (*Coa súa voz normal*). **Voulle dar nos fuciños!** (*Deixa o cristaliño nun recanto da mesa*). **E foi no salón! Claro que agora dirá que este cristal pode ser calquera cristal e non o cristal do vaso que escachou onte... no salón.** (*Como caendo na conta, colle a vara de abeleira, mira baixo os mobles e abre as portas dos armarios*). **Onde estás, maldito rato?** (*Pensa mellor e vai á cociña. Pousa miguiñas de pan nalgures*). **Como se chamará aos ratos? Ei, pequeniño, churriño, sae, toma, toma, mira o que che trouxen! Non queres coñecer o meu pai? Anda, ratiño bonito... Queixo, claro! Agarda un chisco que me vista e xa cho traio...** (*Entra no dormitorio e sae, aínda vestíndose, ao escoitar pasos no faiado*). **Ou son cen e xigantes ou... Papá! Non dicías que non se podía abrir a porta do faiado? Mamá!**

PEPE: (*O vello que entrara no faiado baixa pola escada*). **Non se podía, non, que teño eu a chave.** (*Ante a mirada e a inmovilidade de Xiana*). **Asusteite, perdoa. A porta estaba aberta...** (*Decátase do aceno que Xiana fai de recuar*). **Son Pepe o Galocheiro, e somos algo parentes..., creo. Porque, ti es Xiana, non é?** (*A nena fai un xesto afirmativo coa cabeza*). **Dende que marcharon todos, esa é a miña habitación... aínda que non vivo aquí... Veño ás veces, de visita... Pecho con chave porque... esta casa adoita estar aberta e... gardo aí a gaita e... e tres trapalladas máis... Se ves que tal, volvo despois... Non é a miña intención meterche medo... En agosto sempre paso para recoller algunhas mazás. Xa as probaches? Son pequenas pero doces coma o mel.** (*Tirando unha do peto*). **Queres unha?**

XIANA: **Non, non... É que... Os meus pais non... están aí na...**

PEPE: **Na fonte, xa, xa. Non cataches as cereixas, claro. Aquí son temperás. Antes do encoro isto era o paraíso, sabes? Onde agora hai auga e barro, antes había terras que daban o que non se daba en ningures: liño, café... ata azafrán. Moita riqueza! (Mordendo na mazá). Seguro que teu pai falouche do seu tío Pepe, ou non? (Xiana volve mover a cabeza sen se distinguir se afirma ou nega). Non lle fun á voda... Xa estaba eu na residencia...**

XIANA: **Vou buscalo...**

PEPE: **Non, non teño présa... (Mirando para a nena, cun aquel de emoción). Tes os seus ollos.**

XIANA: **Os do papá?**

PEPE: **Tes os ollos de Minia. Imítaste á túa avoa Herminia. Es cuspidiña a ela (Ensínalle unha fotografía que tira do peto). Dixéronme que eras tan cabezuda coma ela... (Ri). Eu creo que iso é imposible. (Ri de novo).**

XIANA: *(Vai correndo ao cuarto buscar a súa propia fotografía. Compara as dúas).*

Uaauu! É a avoa Herminia, de verdade? (Rindo. Botando a lingua). Está así tamén! Podo quedar con ela?

PEPE: **Podes, claro que podes.**

XIANA: **Levas moito aquí?**

PEPE: **Non moito.**

XIANA: **E como non avisaches de que estabas?**

PEPE: **Se che digo a verdade, nin eu sabía cando ía vir nin contaba con que vós estiverades. Foi unha sorpresa.**

XIANA: **Levábaste ben coa miña avoa? Ti es o maior, non? Por que non viñeches nunca á nosa casa?**

PEPE: **Xa vexo que estás máis tranquila. Vaia susto que papaches!, eh? Se queres preguntarme, terás que me facer as preguntas de unha e unha.**

XIANA: **Eras ti logo o que tocaba o pandeiro?**

PEPE: **Eu toco a gaita e por iso me chaman o Gaiteiro. Ou o Galocheiro, porque facía galochas.** *(Abre o armario e tira del as zocas que o día anterior collera Teo).* **Como estas. Tamén facía as palletas.** *(Tira unha do peto e asubía).* **Ves? Isto é unha palleta. E outros dicíanme o Carpinteiro, ou o Solteirón de Barcia... Ti sabes tocar a gaita?**

XIANA: **Que va!**

PEPE: **E o pandeiro tampouco, claro. A Teo xa lle esquecería todo... Non había na comarca unha persoa que tocase o pandeiro como a Minia. Acompáñasme a ver as colmeas? Collerei un pouco de mel para ti. Gústache?**

XIANA: **Gústame, si. Pero... non sei... Voulles dicir aos meus pais...**

PEPE: **O cortín está aí ao lado. Vimos logo. Sabes o que é un cortín?** *(Xesticulando moito para debuxar o que describe).* **Antes, neste lugar había osos e a xente construía muros altos e redondos para gardar dentro as colmeas... porque os osos rabeán polo mel... (Diríxense á porta de saída).** **Colliches algunha vez o mel dunha colmea? As abellas, cando senten que están en perigo póñense a comer de vez no propio mel para que ninguén llelo roube, e fanse gordas, gordas, e atordóanse e non dan voador e entón é cando nós podemos...** *(Saen. Escóitase coma un suspiro que envolve o salón. Entran Teo e Elsa, con cadanseu caldeiro de auga).*

TEO: **Díxoche que ía ver as colmeas? E como sabe ela onde están as colmeas?**

ELSA: **Eu que sei, Teo! Berroume dende o souto que viña logo, que ía aí arriba ao cortín ver as colmeas.**

TEO: **Dixo así, ao cortín?** *(Decatándose das galochas).* **Limpounas! Esta nena é unha caixa de sorpresas, de veras! Non ves? Boteinas ao lixo onte porque estaban estragadiñas de todo e mira... (Gárdaas de novo).**

ELSA: **Por certo, quen pintou o cadro?** (*Entra no dormitorio da filla e sae sen nada*).

TEO: **Que cadro?**

ELSA: **Esa pintura de Barcia medio afundida nas augas. Estaba aí colgado...**

TEO: **Eu non sei de ningún cadro.**

ELSA: (*Vai ás habitacións e logo á cociña. Está enriba dunha cadeira. Sae con el na man*). **Condenada de rapaza! Derramou o cadro!** (*Ensínallo a Teo. Aparecen pintadas unhas letras de gran tamaño que ocupan todo o cadro*).

TEO: (*Lendo*). **"Non esquezas". E isto?**

ELSA: **Nada. Onte, que fixen de pallaso zombi.** (*Repite*). **"Nooon me esqueeeezas".** **Xa falarei eu con ela. Faiche outro caldeiriño de auga?**

TEO: **Déixame descansar un pouco, anda. Vai ti que es máis nova.**

ELSA: **Diso nada. De quen foi a xenial idea de pasar unhas vacacións hippies?**

TEO: **Non sei se sería tan boa idea. Estamos o día enteiro co trafego da auga...**

ELSA: **Se só fose co trafego da auga... Dende logo, un mes aquí é demasiado. Pero como Xiana non ha cambiar de opinión respecto da casa que te viu nacer... haberá que adiantar a volta...**

TEO: **Pois mira, cáseque llo agradezo. Para estar entre ratos e penicos, abonda con... tres ou catro días. Ti que dis? A verdade é que tampouco eu me afago neste sitio. Cres que son despreziable?**

ELSA: **Creo que entre Barcia e ti hai unha distancia insalvable.**

TEO: **Non me sinto de aquí. É lóxico, verdade?**

ELSA: **Eras un cativiño cando marchaches.**

TEO: **Agora estou certo de que un non é de onde nace senón de onde pace.**

ELSA: **A túa nai morreu na cociña, verdade?**

TEO: (*Incómodo*). **A que vén iso agora?**

ELSA: **A nena tiña medo de estar durmindo na cama onde ela morrera.**

TEO: **Na cociña, si. Como sabías iso?**

ELSA: **Algo me contaron os teus irmáns.**

TEO: **Eu... eu non lembro absolutamente nada.**

ELSA: *(Sen reparar na incomodidade de Teo).* **Segundo me dixeron, cando se ergueron aquel sábado pola mañá, ela estaba sentada de costas ao salón e fronte a aquela fiestra. Sempre se erguía a primeira. Acendía a cociña, facía o café... Seica tardaron varios minutos en decatarse de que estaba morta, porque permanecía co torso ergueito e a cabeza lixeiramente ladeada.**

TEO: **Foi unha traxedia.**

ELSA: **Ese mesmo día iades marchar definitivamente de Barcia como xa fixeran todas as familias que vivían nas aldeas desta banda do río. Erades os últimos. O embalse deixáravos incomunicados e subsistir nesas condicións era case imposible.**

TEO: **Canta miseria! Aínda menos mal que non me acordo de nada.**

ELSA: **Construíron o encoro pero esqueceron construír as pontes. Cantos anos tiñas? Seis? Cinco?**

TEO: **Si, máis ou menos. Non tarda moito a nena?**

ELSA: **Eu vou buscala e ti carrexas outro par de caldeiros, de acordo?**

TEO: **Diso nada. Ti vás á fonte e eu ás colmeas.**

ELSA: **Vale, vale. Pero se te atacan as abellas...**

TEO: **Que dis? Os trobos están baleiros...**

(Pérdense as voces fóra mentres que a casa parece que alenta cunha respiración entrecortada, mesturándose co ondear da auga no encoro).

IV.- A partida

(Atardece no salón).

TEO: **Co meu tío Pepe? Mira, nena, isto xa pasa de castaño escuro. O meu tío Pepe está impedido e vive nunha residencia a catrocentos quilómetros de aquí... Se che parece, veu en parapente...**

XIANA: **En barca.**

TEO: **Claro, en barca, navegando pola autovía ata chegar ao embalse...**

XIANA: **Era así, triangular. Non pescamos nada pero levoume ata a illa Tartaruga. En realidade, non se chama así, pero...**

TEO: **Atende, Xiana, está decidido. Non estaremos aquí un mes, nin sequera unha semana, así que non é preciso que argalles máis inventos.**

XIANA: **Entón como é que sei que a avoa Minia tocaba o pandeiro, eh?**

TEO: **E eu que sei se miña nai tocaba o pandeiro!**

XIANA: *(Ensinándolle a fotografía da avoa).* **Mira.**

TEO: *(Despois dun tempo, emocionado, mirando para Xiana).* **Non me dera conta do moito que te pareces a ela... É unha foto preciosa, si. Non a vía dende... Onde estaba?**

XIANA: **Deuma el! E vin lontras!**

TEO: **Lontras?**

XIANA: **En castelán nutrias, papá.**

TEO: **Aquí nunca houbo nu... lontras.**

XIANA: *(Tirando do seu peto o que parecen uns froitos dun vermello escuro case mouro).* **Ves?, estes froitos non se comen, son dunha planta chamada tintureira. Se os esmago poden conseguir tinta vermella. Antes as mulleres pintaban os beizos co zume que extraían de aquí... *(Acenando cara á fiestra).* E esas flores non son margaridas, mamá, senón camomila e menta poleo.**

ELSA: **Vexo que estiveches lendo a enciclopedia de plantas do papá... Moi aplicada, Xiana...**

XIANA: **Foi o tío Pepe quen me falou durante horas...**

TEO: **Iso si que é certo, ves? Durante horas! Ti cres que podes desaparecer así, e máis nun sitio coma este?** *(Sen deixar contestar a Xiana, que ten as palabras na boca).* **Que comiches? E se te morde unha víbora? E se te perdes? E se esvaras e caes e afogas?**

XIANA: **E se calas un pouco?** *(Vai á cociña e colle unha cadeira).* **Nesta cadeira morreu a avoa. Nesta, que o Pepe tallara coa navalla. Velo? Sabías que ela non quería marchar desta casa? Ti eras pequeno, pero o avó e os tíos insistían e insistían todos os días e a todas as horas que había que deixar isto, que isto non era vivir, así, tan sós, tan pobres, tan illados. Que todos os que se foran tiñan boas casas e boas terras noutros lugares, e que aquí as boas terras quedaran baixo a auga. Que aquí todo eran traballos, que para vender unha vaca ou levala ao boi tiñan que cruzar o embalse na barcaza, que todo eran dificultades, que construíran o embalse pero que esqueceran as pontes...**

ELSA: **Xa...**

XIANA: **Ata que ao final, o avó e os tíos, que xa eran grandes, dixéronlle que eles estaban fartos e que marchaban, con ela ou sen ela. E ela, acabou aceptando. Pero o día que iades marchar...**

(Soa o teléfono móbil de Teo).

TEO: **Diga? Ola Carlos... Espera que me movo... Agora si?... Ben, estamos, estamos ben, en fin, non hai queixa... Non, non, tiñas razón. Tanto tempo non, só uns días máis... Do tío Pepe? Cando...? De?... Ah, claro!... Ás seis? Non sei se chegaremos, hai que recoller e... Vale, vale... Que si, que iremos. E vós que tal?... Xa o imaxino! Está avisado o Antón?... Ben, ben. Entón, ata mañá... Si, si, perde coidado... Adeus, adeus.** *(Tras apagar o móbil, nervioso).* **O meu irmán. Morreu o tío Pepe. Hoxe, arredor das doce.** *(A Xiana).* **E na residencia.**

(A Elsa). **Mañá ás seis é o enterro. Pedime que fixésemos o posible por asistir. (A Xiana). Teremos que marchar. Xa estás contenta?**

(Teo e Elsa seguen a conversa sen decatarse de que Xiana mira abraiada a súa man esquerda onde ten as bagas da tintureira, e lambe o índice da man dereita, chuchando o sabor do mel que se resiste a desaparecer do seu dedo. Sen decatárense de que corre cara ao faiado, que abre a porta sen problema e que entra).

ELSA: **Debía ir para os noventa. Un tipo moi especial, o Pepe. Que non? Contoume o teu irmán Antón...**

TEO: **Xa, xa... xa coñezo esas historias da Santa Compañía...**

ELSA: **Que va! Nada da Santa Compañía! Disque un día presentouse na casa de teu pai para dicirvos que morrera un parente voso na Arxentina. E, ao cabo dunha semana, chegou a carta comunicando que o tal parente morrera e que morrera tal día, precisamente o día no que Pepe anunciara que morrera.**

TEO: **E cando lle preguntaron como o soubera, dixo que o parente viñera despedirse del... Estou farto de escoitar esa historia...**

ELSA: **E mesmo describiu o traxe que vestía o parente cando se presentou diante del, que resultou sendo o traxe que lle puxeron para metelo na caixa.**

TEO: *(Comezando a recoller).* **Recollemos agora ou erguémonos mañá cedo?**

ELSA: **E seica cando morreu túa nai, a noite anterior, el non parou de escoitar un ruído. Run, run, run. Ese ruído todo o tempo na cabeza. Ao día seguinte soubo a noticia de que ela morrera e encargouse de procurar o ataúde. Foi onda o carpinteiro e o carpinteiro estaba serrando na madeira. Entón deuse conta de que o ruído que tivera metido na cabeza toda a noite era o mesmo que o que facía a serra. Run, run, run.**

TEO: **Que si, que si, que pares xa con esas lérias...** (*Observa como a filla baixa a escada cunha gaita na man, como mira no armario e colle as galochas*). **E ti que fas?**

XIANA: **Isto hai que levarllo.**

TEO: **A quen?**

XIANA: **Se non o podemos meter na caixa, porémosllo na tumba.**

TEO: **Onde estaba a chave?**

XIANA: **E as bolsas?** (*Sen agardar contestación, vai por unha*).

ELSA: (*Ante a mirada de Teo*). **A min non me preguntes.**

TEO: (*Vendo que Xiana fai o aceno de tocar a gaita antes de gardala na bolsa*). **Nin se che ocorra meter iso na boca.** (*Quítalla das mans e gárdaa na bolsa*). **Entón, recollemos agora, non?** (*Vendo como Elsa ten intención de saír fóra*). **Non me escoitas? Estou preguntando se recollemos as cousas agora.**

ELSA: **Polo que vexo, ti xa estás recollendo... Vou ver se atopo uns cestos para apañar mañá cedo unha pouca froita.**

TEO: **Agarda. Cumprirache unha lanterna. Teremos garrafas?**

ELSA: **Algunha haberá tamén na adega. Por?**

TEO: **Por levar algúns litros da auga da fonte.**

(*Saen*).

XIANA: (*Gardando as galochas na bolsa. Lembra. Tira unha mazá do peto para metela tamén*). **Estou segurísima de que viñeches despedirte. Ao mellor a min pásame como a ti, que os coñecidos veñen verme antes de morrer, ou... despois de morrer...** (*Repara no cadro e nas letras pintadas*). **"Non esquezas"**. (*Fica un tanto absorta, mentres acaríña cada letra e ole as xemas dos dedos. Despois duns intres, como caendo na conta, sorri*). **Avoa...?**

(*Entran Teo e Elsa con varios cestos e garrafas*).

ELSA: **Dende logo, non me digas que esta situación non é ben absurda...**

TEO: **Si. Vimos para descansar e volvemos máis cansos que cando viñemos...**

ELSA: **Non me refería a iso. Pensaba en todas as aldeas que quedaron neste lado do embalse. Sacrificáronse para construír un encoro que produce luz eléctrica, e ningunha delas ten aínda hoxe luz eléctrica. No século XXI.**

XIANA: *(Moi atenta ás palabras da nai)*. **Este é un lugar en perigo de extinción.**

ELSA: **De onde sacaches iso?**

XIANA: **Xa o sabes... Da enciclopedia de plantas do papá...**

ELSA: **Ha, ha. Tamén tomaches leccións de retranca?**

(Teo e Elsa, un á beira do outro, tentan limpar os cestos e as garrafas que teñen enriba das mesas).

TEO: *(Con cara de noxo polo que ten entre as mans)*. **Un mundo en perigo de extinción. Pero é lei de vida. O moderno soterra o antigo, o progreso afunde o caduco...** *(O corpo de Teo móvese bruscamente cara a adiante, como se alguén o empurrase. Mira a Elsa)*. **Que fas? Non ves que me mancas?**

ELSA: **Que te manco, con que?**

TEO: **Para xa. Non me empurres. Elsa!**

ELSA: **Non te estou empurrando.** *(Ensínalle as mans)*. **Cantas mans cres que teño?**

XIANA: **É que ti, papá, dis cada cousa, que...**

TEO: **Que que? E logo non é verdade? Pois calquera diría que estou blasfemando!** *(Ábrese cun golpe brusco a porta de fóra)*. **Vaia! Levantouse vento!**

ELSA: **Virá a tormenta...**

XIANA: **Ou alguén nos convida a marchar...**

TEO: **Abonda xa, nena, por favor!** *(Pecha a porta de fóra)*. **Sabes que detesto eses contos de aparecidos, e levas todo este tempo provocándome!**

(A Elsa). **E ti tamén!** (A Xiana). **Que máis queres! Se xa nos imos mañá!** (*Ábrese de novo a porta de fóra*). **Estádesme poñendo nervioso!!!**

ELSA: **Non berres!**

TEO: **Pois pecha a porta!!!**

ELSA: **Non estás nervioso, Teo, estás histérico dende que chegaches aquí... Xa me está fartando toda esta situación...** (*Pecha de novo a porta*).

TEO: **E a min tamén! É máis, xa estou farto! É máis, non o aturo! Marchamos agora mesmo.**

XIANA: **Marchamos, a onde?**

TEO: **A onde vai ser, nena, a onde vai ser... Despois de todo, vas chegar para o aniversario do Nuno. Non era iso o que querías?** (*A Elsa*). **Estás de acordo?**

ELSA: **A min xa sabes que non me importa conducir de noite.**

TEO: **Pois veña. Vas levando isto ao coche?** (*Dálle os cestos e as garrafas*). **Teremos que facer varias viaxes.**

ELSA: **Pretendes que leve as garrafas e os cestos baleiros?**

TEO: (*Sen escoitala, vai e vén carretando cousas, ordenando, deixando no salón caixas e maletas...*). **Para que traeríamos tantas cousas!** (*A Xiana que está parada sen saber que facer*). **Aínda menos mal que non desfixeras a maleta.** (*Dálla a Elsa xunto con varias bolsas*). **Podes con isto tamén?**

ELSA: **Como non! Non ves que teño a boca desocupada?** (*Elsa sae cargada*).

XIANA: **Papá...**

TEO: **Perdoa, nena, perdoa. Vai ao faiado, se queres, a ver se dás con máis fotografías. Xa sei que estou insoportable. Só a min se me ocorre! Que esperaba atopar neste cortello?**

XIANA: **Non é un cortello!**

TEO: **Como lle chamaches ti...? Unha ruína.**

XIANA: **Papá...**

TEO: **No instituto, os compañeiros falaban de cando eran cativos: que se facían tal, que se ían a tal sitio, que se aos tres anos isto e cando cumpriran cinco o outro... E eu non tiña nada que contar. Non tiña recordo ningún. Pero ningún. Cando chegaba á casa e lle dicía ao meu pai que non lembraba cousa da miña primeira infancia, sempre contestaba: "Mellor, moito mellor así. Daquela só había miseria". Pensei que vindo aquí recuperaríase ese pasado perdido...**

XIANA: **Asulagado...**

TEO: **... pero chego a Barcia e todo me resulta estraño. Nada me provoca nin a máis mínima emoción. Todo o contrario, estou como rabioso, non sei... Fun un estúpido!**

XIANA: **Papá...** *(Para ao escoitar unha respiración forte, entrecortada e queixosa).*
Papá, non te poña así, non chores...

TEO: *(Segue ao seu, de costas a Xiana).* **Non estou chorando. Non é a necesidade de chorar o que estou reprimindo, nena, senón a necesidade de berrar, de berrar!**

XIANA: **Chsss...**

TEO: **Perdoa, perdoa, perdoa, estou... que non me aturo nin eu... había tempo que non...**

XIANA: *(Máis forte).* **Chssss...** *(Escóitase cada vez máis nidiamente unha respiración).* **Non respire, papá.**

TEO: **Pero, que...?**

XIANA: **Non respire, fai o favor! Cinco segundos...**

(Os saloucos enchen o espazo).

TEO: **Elsa?**

ELSA: *(Asomando por unha das ventás).* **Desexa o señor que leve máis vultos, que atope máis penicos ou que mate algún rato? Que ordena agora?**

TEO: **Este señor pide desculpas polo sucedido anteriormente pero avisa que non será dono dos seus actos se a alguén se lle ocorre calquera outra andrómene. Darás levado estas dúas maletas?**

ELSA: *(Entrando pola porta).* **Darei, pero non estou disposta a cargar eu soa... O coche está no cabo do mundo...**

TEO: **Pois recolle ti e eu levo as cousas ao coche... Paréceche máis xusto?**

ELSA: **Non empecemos, Teo...**

TEO: **Non empeces ti co "non empecemos"...**

ELSA: **Pois iso, non empecemos. Vale que lle teñas fobia aos bichos, vale que neste lugar te sintas como te sentes. Pero, contróláte un pouco, Teo, por favor! Isto xa é demasiado.**

(TEO permanece un intre inmóbil, de costas aos dous).

XIANA: **Axúdoche eu, mamá. Que levo?**

ELSA: **Poderás coa caixa de comida?**

(Nai e filla saen. Teo dispónse a seguir recollendo, incómodo. Distínguese un outro respirar. Teo sénteo perfectamente. Dubida. Continúa na súa tarefa. Ao cabo decídese).

TEO: *(Sen nervios, case sen emoción).* **Mamá... mamá eu non son ti. Tes que enténdelo.** *(Minia está sentada na cadeira, de costas ao salón fronte á fiestra, coa cabeza lixeiramente ladeada. Teo non pode vela nin pode escoitala).* **Mamá, xa sei que estás aquí. Sei que me escoitas. Tes que enténdelo. Eu non son ti. Ti morriches por isto e eu non daría por isto nin medio segundo da miña vida. Non sinto nada aquí.** *(Minia érguese, como sombra de Teo).* **Ti, en cambio, non querías marchar...**

MINIA: **Eu non quería marchar.**

TEO: **Non querías marchar e non marchaches...**

MINIA: **E non marchei.**

TEO: **E velaquí estás gardando a casa e o lugar...**

MINIA: **Velaquí estou gardando a casa e o lugar.**

TEO: **Eu ía cumprir sete anos en novembro. E ti tomaches a decisión de... abandonarme para sempre... E agora son eu, mamá, quen tomo a decisión de esquecer isto para sempre.** *(Comproba que cesou esoutra respiración. Séntese tranquilo como quen descarga un gran peso de enriba. Tal e como aparecera, Minia desaparece como sombra que é. Entran Elsa e Xiana, con evidentes mostras de cansazo).* **Creo que xa está todo. O que queda ben o podemos levar dunha vez.** *(Xiana colle a bolsa onde gardara a gaita, as galochas e a mazá).* **Vou comprobar se as fiestras están ben pechadas.**

ELSA: **Tes un arco da vella prendido no pelo.**

TEO: **Que dis?**

ELSA: **E sabes por que tes un arco da vella prendido no pelo?**

TEO: **Porque escampou despois da tormenta.**

ELSA: **Non exactamente. Estás chorando e sorrindo ao mesmo tempo. E iso é bo. Botarei unha ollada por se queda algo...**

XIANA: *(Collendo o cadro).* **Sabedes? Estas letras están pintadas co zume vermello da tintureira. Aínda cheira...**

ELSA: *(Colléndolle o cadro).* **Só a ti se che ocorre...**

TEO: *(Collendo o cadro e pousándoo nalgues).* **Estamos?**

ELSA: **Non queres levar nada? Todo o que deixes derramarase. Algunha cunca, unha ola, unha colcha...**

TEO: **Nada. Xa levo o que precisaba levar. Vou indo.**

ELSA: **Ti só?** *(Teo acende a lanterna e sen mirar atrás sae fóra).* **Se non o vexo non o creo.** *(A Teo que xa non escoita).* **Ulo medo aos lagartos de cabeza azul?**

TEO: *(Dende fóra).* **Eu nunca dixen que me metesen medo os lagartos de cabeza azul.**

ELSA: **Iso significa que xa podes ir de campo ti soíño?**

XIANA: **Podo pedirche un favor, mamá? Vai indo ti tamén. Quero quedar aquí un pouco. Por favor... É só un momento...**

ELSA: **Non me digas que che dá pena deixar Barcia... Isto non hai quen o entenda!** *(Apañá unha garrafa).* **Espérote na fonte... E non te esquezas de apagar o farol cando saias.** *(Vai falando soa).* **E aínda os hai que dubidan da Santa Compañía! O que quería vir, marcha a lume de carozo, e a que non quería vir...** *(Sae).*

XIANA: *(Percorre o salón cos seus pasos e cos ollos cheos de bágoas. Leva na man a fotografía da avoa).* **Avoa, Minia, avoa Herminia, avoíña. Sempre quixen ter unha avoa, sabes? A mamá da mamá tamén morreu antes de eu nacer...** *(Esperando unha resposta. Xiana segue falando mentres percorre a casa, como se agardase que en calquera momento, en calquera lugar, aparecese Minia. E a avoa está sentada na cadeira, de costas ao salón e cara á fiestra, coa cabeza lixeiramente ladeada. Xiana non a ve nin a escoita).* **O teu irmán Pepe veuse despedir de min. Contoume moitas cousas. E falou moito de ti, sobre todo falou de ti... Seica nos parecemos...** *(Minia érguese, como sombra de Xiana).* **Contoume que non querías marchar de aquí,...**

MINIA: **Non quería marchar, non.**

XIANA: **... que non querías marchar e non marchaches.**

MINIA: **E non marchei.**

XIANA: **Que continúas aquí, gardando a casa e o lugar...**

MINIA: **Aquí estou, si, gardando a casa e o lugar... un lugar en perigo de extinción.**

XIANA: *(Sorri).* **Un lugar en perigo de extinción. Díxome que non tivese medo dos ruídos, que eras ti...**

MINIA: *(Acariñando a penas o cabelo da neta, sabendo que non pode sentila).* **Son eu, son.**

XIANA: ... **que tes a casa coidada.** (*Rindo*). **E que non hai ratos...** **Non sei que me dá deixarte aquí soa, avoa...** (*Minia segue acariñándolle o pelo*).

MINIA: **Xa non estou soa.**

XIANA: **Seguro que o Pepe che vén facer compañía, non? De visita.** (*Tira da bolsa a gaita*). **Non a vou levar. Déixoa por se acaso tocades a dúo. Ti, co pandeiro...** **A ver se aprendo eu...**

MINIA: **Aprenderás.**

XIANA: **Paseino moi ben, de verdade. Dillo a Pepe da miña parte.**

MINIA: **Direillo.**

XIANA: **Quérote.** (*Diríxese cara á porta*).

MINIA: **Eu tamén te quero.**

XIANA: (*Non ve como Minia colle o cadro e o coloca nun lugar visible. Antes de chegar á porta dá a volta*). **Ah! O cadro. Perde coidado, avoa. Eu non, non esquezo.** (*Mentres se dirixe á saída, Minia senta na cadeira de costas ao salón, fronte á fiestra. A nena vólvese de novo. Corre cara á cociña e aperta a cadeira*). **Encántame parecerme a ti.** (*Deixa a súa fotografía e sae, co cadro baixo o brazo, sen apagar o farol*).

V.- Despois da partida

(*No salón, o respaldo de dúas mecedoras que antes non estaban. Méxense soas a distinto ritmo, unha á par da outra. Tras uns intres, nos que só se escoita o seu renxer e só se ve o seu movemento, érguense dous vultos, primeiro como sombras, logo perfilándose como vello e muller*).

MINIA: (*Vai á cociña. Óese o trafegar con potas e pratos, percíbese o son que fai a auga ao se verter... Logo, escacha estrepitosamente un obxecto de cristal contra o chan*). **Outra vez!** (*Recolle os cachos coa vasoira. Silencio*).

PEPE: **Non me afago a este silencio...**

MINIA: **Pois toca a gaita...**

PEPE: **Vai ti polo pandeiro, anda...**

MINIA: **Regaleillo á nena. Quería aprender.**

PEPE: **Non sei se esquecerá. Foi pouco tempo...**

MINIA: **Non esquece, non. Ela non.**

PEPE: **Cres que volverán?**

MINIA: **Volverá. Ela si.** *(Mira a fotografía da neta).*

PEPE: **A que é cuspidiña a ti?**

MINIA: **É.** *(Vai ao cuarto que ocupara Xiana e sae cuns patíns na man. Senta e colócaos).* **Isto ten que ser divertido.**

PEPE: **Que fas? Pero ti estás tola. Non ves que teñen rodas por baixo? Vas caer e... e vas...**

MINIA: **Romper unha perna?** *(Os dous rin. Minia proba a patinar).* **Que dis agora, eh?**

(Minia case cae. Senta. Os dous volven rir a cachón).

PEPE: *(Colle a súa gaita).* **Vai?**

MINIA: **Dálle** *(Golpea a mesa a modo de pandeiro).*

(Tras interpretar a peza, que Minia acompaña tamén coa voz, érguense os dous: el sen deixar de apertar a gaita, ela sen tirar os patíns dos pés).

PEPE: **Ben, moi ben...**

MINIA: **Moi ben, si. Creo que xa podó descansar en paz.**

(Indo cara ás mecedoras desdebuxan a súa condición de vello e muller, para seren sombras que desaparecen tras os respaldos. Só o renxer das mecedoras nese espazo que ole, coma sempre, a camomila e menta poleo. Logo, cesan os movementos e con eles o renxer. Só se escoita o ondear das augas do encoro).

FIN

Begoña Muñoz Saá